

## CONCENTRACIÓNS EN TODOS OS CONCELLOS E CENTROS DE TRABALLO EN SOLIDARIEDADE COA CATÁSTROFE PROVOCADA POLA GOTA FRÍA

**Redacción.-** Traballadoras e traballadores de toda España sumáronse hoxe a un xesto solidario coas vítimas da catástrofe ocasionada pola gota fría no levante español, fundamentalmente na provincia de Valencia, protagonizando un paro de dez minutos ás 12 horas diante de todos os concellos e centros de traballo.

Con esta acción, convocada en todo o Estado por UGT, CCOO e USO, os traballadores e traballadoras puideron expresar ás familias o seu pesar e condolencias polas persoas falecidas. Tamén amosaron o apoio a quen perdeu o seu patrimonio, ve incerteza sobre o seu emprego ou a viabilidade dos negocios e empresas que se viron comprometidas.

En segundo lugar, este paro serviu para



instar á mobilización dos recursos públicos necesarios para a protección dos empregos, a actividade económica, o coidado e o aloxamento das persoas afectadas. Neste sentido, UGT valora positivamente o primeiro paquete de medidas publicado o mércores no BOE pero reclama que se complete de maneira urxente con medidas adicionais que garantan a protección social das persoas traballadoras e

contribúan a manter a actividade económica.

Por último, dende UGT insístease en que en momentos coma este é imprescindible actuar con unidade no propósito compartido de contribuir á reconstrución dos danos, a reparación das vítimas e o progreso da nosa sociedade baixo os principios democráticos do Estado de dereito.

## A REFORMA LABORAL SEGUE A DAR FROITOS CON BOS DATOS EN CONTRATACIÓN INDEFINIDA

**O sindicato insiste en que os seguintes pasos deben ser a reforma do despido e a redución da xornada laboral a 37,5 horas semanais**

**Redacción.-** Cos datos publicados polo Ministerio de Traballo e Economía Servizo Público de Emprego e polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións conséntase o aumento das cifras de persoas desempregadas con respecto ao mes anterior e unha forte caída con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Isto é un efecto da estacionalidade do noso mercado de traballo, xa que o final do groso da temporada de verán afecta ás cifras de desemprego. Por outra banda, os efectos positivos da reforma laboral seguen a facerse patentes co bo dato da evolución da contratación indefinida.

Por tanto, non hai dúbida de que a reforma laboral marcou un antes e un despois en termos de calidade de emprego, mantendo a temporalidade de forma estrutural en niveis moito máis baixos que os existentes antes. Á súa vez, o peso da contratación indefinida continúa en valores superiores tras máis de dous anos e medio de aplicación da reforma. Uns datos

que, á fin e ao cabo, reflicten a estabilización do mercado laboral en torno ao traballo estable e de calidade. Por iso, é o momento de continuar avanzando no camiño da estabilidade iniciado grazas á reforma, modificando as cuestións que quedaron pendentes, como os custos e as causas do despedimento e a redución de xornada a 37,5 horas.

Sitúase o dato do desemprego en 122.214 persoas en Galicia e no Estado en 2.602.054. Medra en Galicia no mes un 1,01 por cento (1.222 persoas máis) e diminúe un 8,35 por cento con respecto a hai un ano (11.134 persoas desempregadas menos). No Estado o aumento é do 1,04 por cento (26.769 persoas) con respecto a setembro e prodúcese unha caída menos acusada que en Galicia, do 5,7 por cento en termos interanuais (157.350 persoas desempregadas menos).

UGT-Galicia destaca o bo dato de contratación indefinida no mes de outubro,

dun 34,89 por cento. Antes da reforma, no mes de outubro de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida era do 8,87 por cento. En España esta porcentaxe é moi superior, un 43,5 por cento, distamos aínda preto de 9 puntos (8,61 puntos) co conxunto do Estado.

En canto á xuventude, hai un total de 5.180 mozos e mozas menores de 25 anos en desemprego, o que supón un aumento no mes do 3,5 por cento e, con respecto ao ano, hai un descenso do 10,74 por cento.

Por sexos, mentres que no mes se contrae o desemprego nas mulleres levemente, nun 0,18 por cento, isto é, 132 mulleres menos, aumenta nos homes en nada menos que nun 2,74 por cento, en 1.354 homes desempregados máis. No ano, hai unha caída do 7,70 por cento nos homes e do 8,8 por cento nas mulleres.

En termos estruturais as mulleres se-

guen a representar nada menos que o 58,43 por cento do total de desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 50.808 homes, fronte a 71.406 mulleres.

### Aumenta o paro en todos os sectores salvo na construción

No mes, ao analizar por sector de actividade, hai aumento en todos os sectores, salvo na construción. Forte aumento en termos relativos no sector primario e nos servizos, cun 5,21 por cento e 1,02 por cento, respectivamente. Aumento tamén do 0,88 por cento do colectivo sen emprego anterior e do 0,78 por cento na industria. Contracción no mes na construción, con 41 desempregados menos, o 0,53 por cento de caída de cifra de desemprego no sector.

En termos interanuais, hai contracción en todos os sectores, con maior intensidade no primario e construción, cunha destacada caída tamén en industria e nos servizos. O colectivo sen emprego anterior é no que menor caída se dá.

### A contratación indefinida segue

### aportando bos datos

Novamente, o mes de outubro aporta un bo dato de contratación indefinida cun 34,89 por cento do total de contratación.

Cos datos de outubro compróbase que en Galicia realizáronse 67.296 contratos, producíndose un aumento da contratación indefinida e unha diminución da contratación temporal con respecto ao mes de setembro, final de temporada estival. É destacable como bo dato que no ano mellore a porcentaxe de contratación indefinida

Por sectores destacan as porcentaxes de contratación indefinida, do 67,6 por cento, na construción.

### Cobertura de desemprego

A taxa de cobertura de desemprego no mes de setembro de 2024 (último dato dispoñible) sitúase nun 68,46 por cento (70,6 por cento no Estado). As persoas beneficiarias de prestacións de desemprego en Galicia sitúanse en 74.923. As prestacións contributivas foron un total de 34.846, 36.120 corresponden a subsidios e 3.958 son de Renda Activa de Inserción.

É dicir, o 46,5 por cento da cobertura de desemprego é contributiva, o resto é de carácter asistencial

### Afiliación e cotización á Seguridade Social

O único aspecto negativo corresponde á afiliación á SS, no mes prodúcese unha caída en Galicia e aumento no Estado. En Galicia descende no mes o 0,23 por cento pero prodúcese un aumento no ano do 1,45 por cento.

No lado positivo, en canto ás cifras de afiliación á SS (media mensual) si hai moi bo dato, sitúase en Galicia no mes en 1.083.376 afiliadas e afiliados á SS.

No Estado acádanse as 21.332.513 afiliacións/cotizacións, sube a afiliación no mes, nun 0.63 por cento máis e hai un aumento da afiliación no ano, de xeito máis acusado que en Galicia, o 2,47 por cento.

A temporalidade da afiliación/cotización da Seguridade Social do réxime xeral sitúase en 14,89 por cento en Galicia fronte a un mellor dato, do 12,62 por cento, no Estado.

## UGT POSPÓN A CONVOCATORIA DE FOLGA NO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA A CAUSA DA CATÁSTROFE PROVOCADA POLA DINA

**Redacción.-** Ante a grave situación xerada pola DINA en Valencia e outras comunidades autónomas, UGT decidiu pospoñer a convocatoria de folga no transporte de viaxeiros por estrada, ata que se recupere a situación nas zonas afectadas.

FeSMC-UGT decidiu pospoñer as folgas e todas as accións previstas no sector de transportes de viaxeiros por estrada que viñan motivadas pola petición para o recoñecemento da xubilación anticipada para os condutores e condutoras profesionais.

Esta decisión tómase en solidariedade coas persoas afectadas pola DINA en distintas comunidades autónomas, con especial impacto na Comunidade Valenciana. Agora mesmo, a cidadanía e o Estado necesitan dispoñer de todos os recursos posibles de mobilidade e loxística. Por esa razón, sería irresponsable manter unha folga no actual contexto.

Desde FeSMC-UGT queremos manifestar a nosa máis profunda consternación ante a devastadora traxedia provocada polas intensas choivas e inundacións que arrasaron dis-



tintas zonas do país. Reiteramos a nosa dor pola perda de vidas humanas e a nosa preocupación polos danos ocasionados en vivendas, infraestruturas e equipamentos. Por iso, entendemos que a nosa obriga- ción pasa por sumar esforzos e apoiar ás persoas afectadas.

Por último, mostrar o noso máis

sincreo recoñecemento a todas as persoas traballadoras, ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, emerxencias, sanitarios, Exército, así como voluntarias e voluntarios que se atopan nas zonas afectadas realizando esforzos titánicos para mellorar a situación e tentar recuperar, na medida do posible, a normalidade social.

A SECRETARIA DE ACCIÓN SINDICAL DE UGT SERVICIOS PÚBLICOS PARTICIPOU ESTE MARTES EN SANTIAGO NUNHA XORNADA SOBRE NEGOCIACIÓN COLECTIVA E DIÁLOGO SOCIAL

## UGT APOSTA POR UN NOVO ACORDO PARA OS EMPREGADOS E EMPREGADAS PÚBLICAS NA SENDA SALARIAL DO ANTERIOR, QUE ATENDA Á DIXITALIZACIÓN, QUE LLE DE UN IMPULSO ÁS CARREIRAS PROFESIONAIS E DESENVOLVA A PROMOCIÓN INTERNA E OS MECANISMOS DE PROVISIÓN

*O Sindicato pon en valor o Acordo Marco para a Administración do Século XXI que conseguiu máis salarios, máis dereitos e máis e mellor emprego nas Administracións Públicas. Agora toca traballar por un novo Acordo que ratifique a senda aberta co actual*

**Redacción.-** A secretaria de Acción Sindical de UGT Servicios Públicos, Isabel Araque, participou este martes en Santiago na xornada "Bases de negociación colectiva e diálogo social" na que, ademais de facer unha análise do percorrido do Acordo Marco para a Administración do Século XXI, puxo enriba da mesa a necesidade de comezar dende xa a traballar por un novo Acordo marco a nivel estatal para os empregados e empregadas públicas deste país que, continuando a senda do anterior, incida na mellora dos salarios, mantendo os criterios marcados no anterior Acordo; que atenda ás necesidades de dixitalización; que lle de un impulso ás carreiras profesionais, sobre todo nas administracións locais, e desenvolva os sistemas de promoción interna e os mecanismos de provisión.

Araque considera que "o tempo deulle a razón a UGT, como parte activa na negociación do Acordo e parte asinante", xa que este permitiu nos tres anos que ten de vigor garantir máis dereitos, máis e mellor emprego e máis salario. Insistiu en que é a primeira vez que nunha situación de crise como a que se vivía no país cando se asinou o Acordo abórdase a situación dos empregados e empregadas públicas sen recortes, todo o contrario, con melloras. Establécese unha fórmula de incrementos salariais, cunha parte fixa e outra variable, que garantiron aumentos do 10% e que, ademais, puxeron as bases para unha mellora dos salarios tamén no sector privado,

xa que foi a avanzada de cara ao AENC que máis tarde se asinou.

Tamén destacou que é a primeira vez que se establece unha subida no mesmo ano con carácter retroactivo e consolidable; revértese a derogación da xubilación parcial anticipada do Estatuto Básico do Empregado Público; fixa o marco das 37,5 horas semanais que sempre poden ser rabaixadas nos eidos de negociación das comunidades autónomas e outras administracións; abre o camiño para a dixitalización das administracións públicas, tanto dende a perspectiva dos traballadores e traballadoras como dos usuarios; e impulsa e flexibiliza a promoción, provisión e selección; mellora as clasificacións profesionais e desenvolve o grupo B, o que supón un avance, sobre todo, para o sector sanitario.

En definitiva, este foi un acordo firme e valente que contribuíu a recuperar moitos dos dereitos perdidos, sobre todo, a raíz do Real Decreto 20 do ano 2012 imposto polo Goberno do PP. E, ademais, así o valoraron os empregados e empregadas públicas porque UGT segue a ser a primeira forza sindical das Administracións Públicas no marco do Estado.



Non obstante, a dous meses da súa caducidade, apuntou que xa toca traballar nun segundo acordo que dea continuidade ao actual.

Un segundo acordo que manteña as liñas salariais do anterior, replicando as subas coa parte fixa e variable.

Un segundo acordo que entre de cheo na dixitalización das Administracións Públicas deste país.

Un segundo acordo que incida en establecer novas ferramentas de clasificación profesional e promoción e no desenvolvemento da carreira profesional.

Concluía, un segundo acordo que culmine o primeiro e que manteña a senda de mellora das condicións laborais e salariais dos empregados e empregadas públicas.

## UGT SSPP da Coruña interrompe o pleno de Oza-Cesuras

**Redacción.-** Delegados e delegadas de UGT SSPP A Coruña participaron este mércores na interrupción do Pleno do Concello de Oza-Cesuras como símbolo de protesta pola reiterada negación do alcalde a dar resposta aos escritos que veñen trasladando nos últimos tres anos.

Tamén se pretende denunciar o incumprimento por parte da Alcaldía á hora de convocar a Mesa xeral de negociación para tratar, entre outros temas, a RPT, convenio colectivo para o persoal laboral e un acordo regulador para funcionarios, plan de igualdade e abordar a estabilización do emprego. En relación a este último termo, o da estabilización, esta é de obrigado cumprimento, segundo a Lei 20/21, antes do 31 de decembro de 2024. E a dous meses desta data o Concello ten a maior parte dos puntos sen resolver.



# URXE ACABAR COA INFRADECLARACIÓN DO CANCRO LABORAL E PROTEXER ÁS PERSOAS TRABALLADORAS



**Redacción.-** O coordinador da Secretaría de Saúde Laboral de UGT, José de las Morenas, participou esta semana no Congreso Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo que organizou o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo onde interveu na mesa "Falamos sobre cancro de orixe laboral: identificar para previr, diagnosticar precozmente para curar".

Na súa intervención, José de las Morenas lembrou que "o cancro é a principal causa de morte relacionada co traballo na UE, xa que provoca o 52% das mortes no traballo, de feito, estímase que en España falecen anualmente 8.700 homes e 850 mulleres por cancros debidos a exposicións laborais".

"O problema", explicou, "é que só unha pequena parte cualifícase como continxencia profesional. Por exemplo, desde o inicio do 2024 ata setembro, unicamente declaráronse 82 enfermidades profesionais causadas por axentes canceríxenos".

Neste sentido, subliñou que "desde UGT continuamos reclamando a necesidade de analizar e poñer límites a esta infradeclaración e garantir a seguridade e saúde das persoas traballadoras. Unha necesidade que recolleu tamén a Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo que busca implementar medidas que permitan a correcta avaliación da exposición, a eficiente vixilancia da saúde e a identificación precoz de casos e a súa notificación.

O coordinador da Secretaría de Saúde Laboral de UGT recalcou que ante as enfermidades profesionais e, especialmente, o cancro de orixe laboral, é necesario actuar en moitas fronteiras, pero, en primeiro lugar, "hai

que esixir ás empresas que cumpran coa lexislación en materia preventiva, realicen avaliacións de risco e apliquen as medidas preventivas necesarias para evitar o cancro laboral. Ademais, a formación e información e a realización da vixilancia da saúde son elementos clave".

"Ademais, é importante cumprir cos principios da acción preventiva incluídos na Lei de Prevención de Riscos Laborais, destacando o referido á substitución do perigoso por outras substancias que non entrañen perigo para a persoa traballadora ou cuxo perigo sexa menor", destacou. "Por iso, UGT propuxo na Mesa de Diálogo Social que o principio de precaución sexa incluído entre os principios de acción preventiva. Desta forma, como sucede noutras disciplinas como medio ambiente, ante a mera sospeita de efectos nocivos, sen confirmación dos limiares de toxicidade ou dano, obríguese a protexer ás persoas traballadoras que manipulan ou están expostas a estas e outras substancias canceríxenas".

## Ampliación listaxe enfermidades profesionais

"Outra das propostas que se levou á Mesa é a ampliación e actualización da listaxe de enfermidades profesionais, así como a necesidade de dotalo de perspectiva de xénero. Tamén é fundamental cambiar a definición legal de enfermidade profesional para que abarque non só aquelas enfermidades exclusivas do traballo, senón tamén aquelas que a súa causa prevalecente sexa a laboral", engadiu.

José de las Morenas reivindicou así mesmo "a creación de dous rexistros, un de persoas traballadoras

expostas a axentes canceríxenos e outro de empresas con presenza deste tipo de axentes, desta maneira conseguiríase obter rastrexabilidade do cancro laboral. Doutra banda, é esencial avanzar para conseguir que as persoas traballadoras enfermas de cancro ou que superaron un cancro, de orixe laboral ou non, retornen ao seu posto de traballo de forma segura, sen poñer en risco a súa seguridade e saúde, incluíndo os aspectos psicosociais. Para iso, UGT propón que a Lei de Prevención de Riscos Laborais inclúa a obriga de negociar protocolos de retorno ao posto de traballo entre a empresa e a representación das persoas traballadoras, con medidas para flexibilizar o proceso da reincorporación evitando que sexa traumático".

## Día Europeo do Gas Radon

Con respecto ao día 7 de novembro, Día Europeo contra o Radon, José de las Morenas, manifestou que no noso país desde 2007, primeiro ano desde que hai rexistros, "non se comunicou ningún parte de enfermidade profesional por esta causa, o que indica unha clara infradeclaración da neoplasia maligna de bronquio e pulmón, cancro provocado pola exposición laboral ao gas radon e isto a pesar de que o noso país conta cun Plan Nacional contra o Radon que se aprobou o 9 de xaneiro do presente ano".

"A propia Estratexia Española de Seguridade e Saúde alíñase con este Plan e subliña que as administracións públicas realizarán actuacións de asesoramento co fin de efectuar medicións de exposición das persoas traballadoras a gas radon e adoptar as medidas de prevención adecuadas se se superan os valores de referencia establecidos".